


BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Fotografía de Xiana Quintas

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	5
CONGRESOS E SEMINARIOS	6
CONVOCATORIAS	6
SUXESTIÓNS	7
RECURSOS.....	10
REVISTAS	13
NOVAS DO DUVI.....	15
NOVAS.....	15
DATOS.....	16
FERRAMENTAS DE IGUALDADE	17

CALENDARIO DA IGUALDADE

2025

OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	29	30	1	2	3	4	5
40	6	7	8	9	10	11 <small>Día Internacional das Nenas</small>	12 <small>Día do Pilar</small>
41	13	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>	16	17	18	19
42	20	21 <small>Día Internacional dos Homes pola Igualdade</small>	22	23	24	25	26 <small>Día Internacional da Intersexualidade</small>
43	27	28	29	30	31	1	2

AXENDA

Do 17 de setembro ao 30 de outubro. Continuamos co programa **Homes de Coidado** co *Mapa dos coidados da Universidade de Vigo. Unha cartografía corresponsable dos desafíos na igualdade de xénero*, un traballo que busca explorar cal é a realidade de coidados das diferentes persoas da comunidade universitaria.

Durante o mes de outubro continuará a recollida de datos que se fará a través de procesos participativos, cunha convocatoria de grupos focais que se desenvolverán en liña e tamén entrevistas individualizadas. Inscricións a través do formulario que podes atopar neste [enlace](#).

- PDI: Venres 03/10, de 11 a 13:00 h

Voces do cambio. Programa piloto par sensibilizar e capacitar ao estudantado da Universidade de Vigo para identificar e comprender as violencias machistas no contexto universitario, con especial atención ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo, e por outra parte, dotar ás persoas participantes de ferramentas prácticas para actuar como axentes de cambio, promovendo actuacións preventivas, de apoio e derivación axeitada en situacións de violencia machista, tanto presenciais como en contornas dixitais.

- 30/10 de 11 a 12:30 h na Facultade de Historia.
- 02/10 de 12 a 13:30 h na Facultade de Ciencias do Mar.
- 06/10 ás 13:00 h na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. [+Info](#)
- 10/10 de 11 a 13:00 h na Escola de Enfermaría do Meixoeiro.
- 27/10 de 09:45-11:15 Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Tecendo coidados: construíndo masculinidades igualitarias desde a mocidade. O 07 de outubro en Santiago de Compostela, organizado polos servizos de igualdade da UDC, a USC e a UVigo.

Actividades realizadas a través da Convocatoria 2024 de axudas para a organización de actividades docentes e de sensibilización da Unidade de Igualdade



03 de outubro. VII Xornada Olladas á Antigüidade. A infancia feminina na Antigüidade. De 09:30 a 14:30 h no Salón de graos da Facultade de Historia.

17, 20 e 29 de outubro. II Obradoiro Transdisciplinar de Análise Teorías Feministas do Século XXI na Aula B14 da Facultade de Filoloxía e Tradución. Entrada libre pero é preciso ler antes os textos para o seu debate.



20 de outubro. Xornada A protección do ordenamento tributario ás mulleres con capacidades diferentes. Ás 15:30 h na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

23 de outubro. Tutela institucional da igualdade entre mulleres e homes: Do recoñecemento normativo á súa aplicación efectiva nas relacións laborais. Xornada, en horario de 09:30 a 13:30 h no Salón de Graos da Facultade de CC Xcas e do Traballo, para estudantes da materia “Igualdade e Mercado de Traballo”,

optativa de 4º curso do Grao en RRLLE e RRHH e, en xeral, alumnado con docencia no Grao en Dereito, no Plan Conxunto ADE-Dereito e nos mestrados universitarios en Avogacía e Xestión e Dirección Laboral, resto de alumnado da Uvigo, PDI e público en xeral.

FORMACIÓN

16º Edición: Curso teórico-práctico para a protección fronte ao acoso no traballo (15 h) Do 03 de outubro ao 03 de novembro. Prazas limitadas segundo orde de inscrición. [+Info](#)

Curso teórico sobre a valoración de postos de traballo, o rexistro e a auditoría retributiva. (35 h) Do 01 de outubro ao 01 de decembro. Prazas limitadas segundo orde de inscrición. [+Info](#)

A perspectiva de xénero nas políticas sanitarias (40 h). Curso da Escuela Virtual de Igualdade en liña reservado a persoal sanitario con certificado de aproveitamento. Iranse abrindo grupos ata 2026 que se cubrirán por orde de inscrición. [+Info](#)

As tolas que non o eran: psiquiatría e control social das mulleres na España Contemporánea. [+Info](#)
Do 21 ao 24 de outubro de 16:30 a 19:30 h, con posibilidade de asistencia presencial e en liña, en directo ou en diferido.

Artista escríbese con A: Modelando a historia con mans de muller. [+Info](#)
Do 21 ao 24 de outubro de 16:00 a 19:00 h, con posibilidade de asistencia presencial e en liña, en directo ou en diferido.

As Rebeldes Periféricas. Dispoñibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

V Ciclo de seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade. De novembro do 2024 a xuño do 2025. (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade. Inscrición aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

CONGRESOS E SEMINARIOS

IX Congreso de Economía Feminista. Universidad Pablo de Olavide, o 2, 3 e 4 de outubro do 2025 en Sevilla. [+Info](#)

I Congreso Internacional Mujeres y diversidades: avanzando en igualdad desde una mirada interseccional. Organizada pola Universidad de Jaén os días 23 e 24 de outubro. [+Info](#)

I Congreso Internacional Estudos de Xénero na era dixital. 6 e 7 de novembro, en liña. [+Info](#)

Congreso Internacional “Violencia de Género y Mujeres en Riesgos de Exclusión Social. Universidad de Sevilla. 20 e 21 de novembro. [+Info](#)

Coloquio internacional de Estudos das Mulleres e de Xénero. Xenealoxías feministas: no fío da memoria. Homenaxe a Margarita M. Birriel Salcedo. Do 10 ao 12 de decembro de 2025 na Universidad de Granada. (ES e EN) [+Info](#)

II Congrés Càtedra UB de Perspectiva de Gènere i Feminismes Ciutat de Cornellà. Universitat de Barcèlona, do 10 ao 12 de decembro de 2025. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos TFG, TFM e teses de doutoramento 2025. [+Info](#)

Aberta a recepción de candidaturas ata o 9 de outubro de 2025.



Premios GirlGeekPower da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo

Gender on Digital. Journal of Digital Feminism [+Info](#)

A revista, vinculada á Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, abre a chamada de artigos en galego, castelán e inglés para o seu 3º número, dedicado ao tema Sociedade dixital e xénero. A data límite de envíos é o 30 de outubro.

Consulta a Lei galega de acoso e violencia dixital. Dispoñible ata o 01 de outubro. [+Info](#)

Consulta pública previa sobre a proposta de Lei pola que se regula o exercicio da profesión de Axente de Igualdade. Dispoñible ata o 15 de outubro. [+Info](#)

II Premios ás Boas Prácticas en Igualdade da Deputación de Pontevedra. Presentación de candidaturas ata o 01 de outubro para entidades de iniciativa social, cultural, deportiva e educativa. [+Info](#)

VIII Premio Francisca de Pedraza contra a violencia de xénero 2025. Aberto o prazo de candidaturas ata o 10 de outubro. [+Info](#)

Revista Cuestiones de Género: de la Igualdad y la Diferencia. Está aberta a convocatoria 2025-2026 para o envío de artigos para formar parte do monográfico sobre Mulleres na historia de América Latina e o Caribe: Axencias, desafíos achegas desde a época moderna ata a actual, ata o 28 de febreiro do 2026. [+Info](#)

SUXESTIÓNS



Anuncio dunha que xoga coas palabras «xenes» e «vaqueiros» (*genes* e *jeans* en inglés)

A finais do verán a campaña dunha marca de pantalóns vaqueiros provocaba a última polémica sobre a sexualización do corpo dunha muller, neste caso mesturado coa controversia pola orixe étnica, os estándares de beleza occidentais e as críticas contra o *wokismo*.

O corpo das mulleres leva séculos sendo un campo de batalla social, político e económico. A atención constante sobre o corpo das mulleres non é neutra: xera estándares estéticos que funcionan como mecanismos de control social. O feito de que a súa valía se mida a partir da aparencia provoca que moitas interioricen a necesidade de autocorrixirse e vixiarse, dedicando tempo, recursos e enerxía a cumprir expectativas externas. Estes ideais de beleza, cambiantes e inalcanzables, non só limitan a liberdade persoal, senón que tamén reforzan desigualdades estruturais ao situar o corpo feminino como obxecto de escrutinio público e privado. Así, a presión estética convértese nunha forma de disciplina que perpetúa roles de xénero e restrinxe a autonomía das mulleres.

A chamada presión estética non é só unha cuestión de moda ou preferencias persoais, senón un mecanismo de control que marca como deben ser os corpos «acceptables» e cales deben ser

rexeitados. Estes estándares mudan no tempo, mais manteñen algo constante: situar ás mulleres baixo unha avaliación permanente.



En *El mito de la belleza* (1990) Naomi Wolf explica como, a medida que as barreiras legais caían, xurdía a imposición dun ideal estético inalcanzable. Este mito da beleza é unha construción cultural que funciona como disciplina social. O que fai que o corpo das mulleres pase a estar regulado a través da dieta, da moda, da cirurxía estética e dos medios de comunicación que ditan o que é desexable e normativo. Isto fai que moitas [mozas](#) e mulleres están insatisfeitas cos seus corpos.

Wolf sostén que este mito actúa como unha forma de violencia simbólica que resta tempo, enerxía e recursos ás mulleres, desviándoas da súa plena participación pública. A presión estética opera así como un dispositivo de vixilancia e autocontrol: cada muller convértese na súa propia gardiá, avaliando constantemente o seu corpo segundo estándares externos impostos. O libro revela que a beleza, lonxe de ser unha cuestión persoal ou superficial, é un instrumento de poder que perpetúa desigualdades.

[Gemma López-Guimerá e David Sánchez-Carracedo](#) (2010) explican que, se ben existen determinados factores biolóxicos que poden predispoñer ás persoas a desenvolver trastornos da conduta alimentaria, sen as influencias socioculturais actuais é moi probable que esa vulnerabilidade non chegase a transformarse en doenza. É dicir, o contexto social e cultural resulta clave para entender por que estas problemáticas se expresan dunha determinada maneira, polo que o xénero se converte nun elemento clave.

Neste traballo propoñen unha clasificación de factores de risco que axuda a comprender mellor esta realidade:

- **Factores inespecíficos:** non son exclusivos dos trastornos alimentarios, pero poden influír na súa aparición. Aquí inclúense o perfeccionismo, a baixa autoestima e o afecto negativo (emocionalidade ligada a tristeza, ansiedade ou sentimentos de culpa).
- **Factores específicos:** están directamente vinculados co desenvolvemento destas enfermidades. Entre eles destacan a presión sociocultural pola delgadez, a interiorización dun ideal corporal irreal e inalcanzable que impón ese modelo, as preocupacións constantes polo peso, a práctica de dietas restritivas, a insatisfacción co propio corpo, e tamén as burlas ou comentarios críticos sobre o aspecto físico procedentes do entorno social, especialmente do grupo de pares.

Estes condicionantes fan que sexa necesario abordar esta cuestión desde unha perspectiva de xénero, xa que a presión pola delgadez e a vixilancia constante sobre o corpo afectan de maneira desigual a mulleres e a homes. A construción cultural da femineidade segue ligada á imaxe corporal e á aparencia, o que aumenta a vulnerabilidade das mulleres fronte a este tipo de trastornos. E para isto, como sinala [María Calado](#), é preciso educar no pensamento crítico respecto ao corpo. Como ela mesma sinala, non se ensina a cuestionar o ideal corporal que se

impón socialmente, polo que resulta habitual asumir como naturais e inevitables eses modelos de beleza. Esta falta de mirada crítica fai que se normalicen os comentarios constantes sobre o aspecto físico. Así, os xuízos sobre o corpo das mulleres non só se dan por válidos, senón que chegan a considerarse [relevantes e determinantes](#), reforzando a idea de que o valor persoal está ligado á aparencia.

Na adolescencia, o control do corpo adopta novas formas que circulan sobre todo a través das redes sociais. Un exemplo son as coñecidas como [crunchy teenagers](#), un termo que estas influencers empregan para identificarse como preocupadas pola saúde e o benestar. Estas contas difunden contidos centrados no coidado corporal, enmarcándose nun fenómeno global que medrou especialmente desde a pandemia. Esta corrente chama a desconfiar do sistema sanitario e promove visións «alternativas» do benestar, baseadas na difusión de información de fontes non verificadas e discursos anti-ciencia.

Segundo un novo [estudo da Universidade de Surrey](#), a exposición a imaxes positivas sobre o corpo e contido humorístico que parodia os estereotipos corporais negativos nas redes sociais inspira as mulleres a tomar medidas contra estándares de beleza pouco realistas.

A investigación, publicada na revista *Sex Roles*, descubriu que este tipo de imaxes de crítica melloraba a satisfacción corporal das mulleres novas e promovía sentimentos de gratitude e esperanza, que son impulsores clave para o cambio social. O estudo involucrou a 252 mulleres novas de entre 18 e 35 anos e comparou os efectos de ver imaxes corporais idealizadas cos do contido de parodia positiva e humorística sobre o corpo.

Os achados mostran un impacto claro e positivo dos contidos que critican ideais corporais irreais xa que aumenta a satisfacción corporal das mulleres. No estudo tamén atoparon unha relación entre ver este tipo de imaxes e a participación das mulleres no activismo en liña, incluíndo as intencións tanto de deter o uso de representacións corporais irreais como de promover representacións máis diversas.

Nos últimos anos, a irrupción de fármacos como o *Ozempic* (un medicamento para tratar a diabetes tipo 2 e popularizado como «píldora máxica» para adelgazar) reabre o debate. O seu uso masivo para alcanzar un suposto corpo ideal é unha mostra de como a sociedade converte a saúde nun negocio e o corpo feminino nun proxecto interminable de corrección. O acceso desigual a este tipo de produtos, ademais, reforza dinámicas de clase e exclusión: quen pode pagalo, cumpre os estándares; quen non, queda sinalada.

A relación de todos estes elementos co momento político actual non é casual. O retorno de ideoloxías conservadoras en diferentes países está acompañado por unha exaltación de valores tradicionais sobre o rol das mulleres: o ideal da boa nai, da boa esposa, da muller correcta que non cuestiona nin ocupa demasiado espazo. A presión estética encaixa nesta lóxica: canto máis ocupadas están as mulleres preocupándose pola súa imaxe e o seu encaixe social, menos tempo e enerxía teñen para reclamar dereitos, cuestionar desigualdades ou desafiar estruturas de poder. A beleza como deber, o consumo como solución e a política conservadora como marco



Escolma de iniciativas sobre activismo gordo galegas e estatais

de fondo configuran un escenario no que se decide quen é lexítima, quen merece visibilidade e quen pode ocupar espazo público.

Neste contexto resulta interesante coñecer o que achega o activismo gordo, unha resposta política á discriminación corporal e á presión estética que impón a delgadez como única norma aceptable. Esta proposta reivindica que todos os corpos merecen respecto, dignidade e dereitos, independentemente do seu tamaño ou peso, desafiando a gordofobia estrutural presente nos medios, na medicina e nas relacións sociais.

Un dos fitos clave desta corrente foi a creación da [National Association to Advance Fat Acceptance](#) (NAAFA) nos Estados Unidos en 1969, que puxo o foco en combater a discriminación laboral e social das persoas gordas. A filósofa **Susan Bordo** analizou en *Unbearable Weight* (1993) como a cultura occidental disciplina os corpos femininos, e a xornalista **Charlotte Cooper** formulou o concepto de *fat activism* no seu libro *Fat Activism: A Radical Social Movement* (2016). Na actualidade, autoras como **Virgie Tovar** (*You Have the Right to Remain Fat*, 2018) continúan este traballo, vinculando ao feminismo interseccional. A súa achega resulta clave para liberar ás mulleres da presión estética, ao desmontar o mito de que só os corpos delgados son válidos e propoñer unha política de aceptación e xustiza corporal.

RECURSOS

O estado da maternidade en Europa 2024. (EN) [+Info](#)

In_Mujeres. Monografías Feministas. Xuventude. (ES) [+Info](#)

A perspectiva de xénero na docencia nas universidades da Xarxa Vives. Situación actual e retos de futuro. (CA) [+Info](#)

Lembrando para esquecer: memoria interxeracional para as mulleres ruandesas sobreviventes de violacións xenocidas e as criaturas nadas de violencia sexual relacionada co conflito. (EN) [+Info](#)

Grazas por compartir: as imaxes paródicas e con actitude positiva sobre o corpo aumentan a satisfacción corporal das mulleres e predín as intencións de acción colectiva a través da gratitude. (EN) [+Info](#)

As disparidades lingüísticas, económicas e de xénero amplían a fenda de produtividade científica. (EN) [+Info](#)

A complexidade de xénero do patrocínio: como os obxectivos dos patrocinadores e patrocinadoras configuran as súas estratexias de redes sociais. (EN) [+Info](#)

Pobreza e desvantaxe social en mulleres e homes e resultados de fecundidade. (EN) [+Info](#)

Mulleres no liderado da auga en África: os números non menten(EN) [+Info](#)

Tendencias temporais no suicidio entre adolescentes e persoas adultas novas nos Estados Unidos, Canadá e Corea do Sur: 2001–2023. (EN) [+Info](#)

Influencia do sexo e o diagnóstico nas variables clínicas e no rendemento neurocognitivo na enfermidade mental grave. Resultados do estudo PsyCourse. (EN) [+Info](#)

Descompoñendo as barreiras á igualdade salarial: examinando os factores predictivos diferenciais da fenda salarial de xénero por grupo socioeconómico. (EN) [+Info](#)

Identificación das interaccións xene-hormona sexual asociadas á diabetes tipo 2 en homes e mulleres. (EN) [+Info](#)

As asociacións entre tres medidas de importancia e o esgotamento, a soidade, a autoestima e a esperanza a través de diferentes niveis educativos: inxerencias de estudantes de primaria, secundaria, bacharelato e universidade. (EN) [+Info](#)

A influencia da cultura nacional na iniciación do apoio en programa de desenvolvemento de talento STEMM: perspectivas das persoas mentoras. (EN) [+Info](#)

Diferencias de xénero nas respostas comportamentais e psicolóxicas ante crises: unha análise Oaxaca-Blinder a nivel multinacional. (EN) [+Info](#)

Predición de resultados do fútbol feminino mediante aprendizaxe automática: análise comportamental dos goles como eventos de alta tensión. (EN) [+Info](#)

Demasiado pouco tempo para coidar dos meus seres queridos: pobreza de tempo para a calidade do coidado e o papel moderador do capital social comunitario entre as persoas coidadoras nas familias. (EN) [+Info](#)

Ansiedade ambiental e a cuestión de ter criaturas. (EN) [+Info](#)

Un podcast de Jade S. Sasser, doutora en estudos ambientais e profesora na Universidade de California en estudos de xénero e sexualidade, sobre as emocións que acompañan a crise climática e como están a dar forma a cuestións fundamentais sobre se, cando e como ter criaturas.

O estado da educación sexual: leis e regulamentos estatais que obrigan á educación sexual nos Estados Unidos. (EN) [+Info](#)

Respostas de xénero e comportamento dos observadores ao acoso sexual no lugar de traballo a través da empatía: o papel moderador da intolerancia organizativa. (EN) [+Info](#)

A Copa Mundial Feminina e o xénero no deporte: explorando os impactos percibidos das comunidades anfitriñas e o apoio futuro ao desenvolvemento do turismo. (EN) [+Info](#)

Menstruación e benestar: un estudo de grupo focal para analizar como a menstruación afecta o benestar das mulleres de 18 a 40 anos. (EN) [+Info](#)

Sol, mar e violencia sexual: a economía política do turismo de festas. (EN) [+Info](#)

#Non+ViolenciaSexual *Online* (GA e ES) [+Info](#)

Quero ser investigadora 5. (GA) [+Info](#)

O sexo de nacemento non é sempre aleatorio — a idade da nai e a xenética poden influír. (EN) [+Info](#)

Prexuízos de xénero sintácticos e semánticos na linguaxe da televisión infantil: evidencias dun corpus de 98 programas de 1960 a 2018. (EN) [+Info](#)

«Só quería ser coma calquera outra...»: Exploración cualitativa das perspectivas das mulleres sobre a mutilación/ablación xenital feminina e o seu posible abandono en Somalia. (EN) [+Info](#)

A evolución das relacións de dominancia entre machos e femias nas sociedades de primates. (EN) [+Info](#)

O papel do xénero na configuración do efecto do voluntariado na participación electoral por primeira vez. (EN) [+Info](#)

«Basicamente estás espida»: un estudo cualitativo sobre por que as nenas abandonan o deporte na adolescencia. (EN) [+Info](#)

Duelo e factores de estrés económico por sexo, xénero e educación. Asociacións con resultados relacionados coa enfermidade de Alzheimer. (EN) [+Info](#)

Informe Xuventude en España 2024. Entre a emerxencia e a resiliencia (ES) [+Info](#)

Radicalización dentro dunha rede de extremistas misóxinos: un estudo de caso dun foro *inca*. (EN) [+Info](#)

O estudiantado de doutoramento enfróntase a un alto risco de acoso sexual: poden as universidades deter aos seus perpetradores? (EN) [+Info](#)

Homes de coidado Unha publicación participativa sobre masculinidades coidadosas da Universidade de Vigo. (GA) [+Info](#)



REVISTAS

Revista igUALdad. Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)

Social Politics. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

Sexualities. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Technology and Development. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist & Psychology. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)

Women & Therapy. Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Anthropology. Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)

Psychology & Sexuality. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Economics. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Legal Studies. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)

Violence and Gender. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)

Hypatia. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)

Revista Estudos Feministas. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)

Gender & History. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender & Society. Volume 39 (2025). (EN) [+Info](#)

The Journal of Sex Research. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender in Management. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)

Psychology of Women Quarterly. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025.) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture* Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence*. Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)

Géneros. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)

Women's History Review. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist Media Histories. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)

Religion and Gender. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)

Sexuality Research and Social Policy. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Universidade e Deputación de Pontevedra alíanse para «eliminar a fenda de investigación» sobre lesións deportivas en mulleres. [+Info](#)

O campus acollerá esta semana un congreso sobre a protección do ordenamento xurídico ás mulleres en situación de vulnerabilidade. [+Info](#)

Búscanse fotografías que visibilicen a importancia da igualdade de xénero nas ciencias agrocolóxicas e alimentaria. [+Info](#)

Mulleres, maiores e persoas con menos recursos «externalizan» en maior medida as súas declaracións da renda. [+Info](#)

NOVAS

Unha xuíza dita a primeira sentenza de violencia vicaria por matar ao can das súa exparella. (ES) [+Info](#)

O CSIC saca ao catedrático da UB investigado por acoso do seu ranking de científicos por «irregularidades» coas súas citas. (ES) [+Info](#)

«Envía ás túa fillas ou non recibirás ningunha axuda»: os talibáns están convertendo as escolas relixiosas na única opción para as rapazas. (EN) [+Info](#)

O 78 % das nais españolas séntense sobrecargadas mentalmente, 10 puntos por encima da media europea. (ES) [+Info](#)

A Panadaría, o canto das cisnes. (GA) [+Info](#)

Familias indignadas polo uso de fotos de colexialas en anuncios dirigidos a homes en Meta. (EN) [+Info](#)

As familias monomarentais duplican a taxa de pobreza do resto de fogares. (GA) [+Info](#)

En medio da crecente violencia en Colombia, nenas e mulleres son retidas como escravas sexuais: «Ningunha muller está a salvo». (EN) [+Info](#)

Qué sabemos do fallo das pulseiras de control telemático para maltratadores. (ES) [+Info](#)

10 millóns de dólares en contraceptivos foron destruídos por ordes de funcionarios de Trump. (EN) [+Info](#)

Apps de menstruación: que pasa cos teus datos e como poden servir para criminalizar o aborto. (ES) [+Info](#)

A historia silenciada das mulleres africanas escravizadas de Canarias: «As súas técnicas constituían un saber específico». (ES) [+Info](#)

Manon Garcia: «O xuízo de Gisèle Pelicot, como o de 'manada', é dos que cambian mentalidades». (ES) [+Info](#)

Traendo a casa o *bak chari*: como un derramo de petróleo en Mauricio levou a unha revolución feminina na agricultura. (EN) [+Info](#)

Os adolescentes viven inmersos en violencia dixital: como lles afecta? (ES) [+Info](#)

A lei abolicionista da prostitución que prepara o Goberno porá o foco no proxenetismo dixital. (ES) [+Info](#)

DATOS

Índice de Igualdade de Xénero 2024: Manter o impulso nun camiño fráxil. [+Info](#)
Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Informe Global de Fenda de Xénero 2024. [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/EN) [+Info](#)

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)